

fiscais superiores das comunidades autónomas, e permanecerán en tal cargo ata esgotaren o prazo de cinco anos polo que no seu día foron nomeados, sen prexuízo da súa ulterior renovación conforme o disposto no artigo corenta e un, punto tres. Do mesmo xeito, os tenentes fiscais dos tribunais superiores de xustiza pasarán a ocupar o cargo de tenente fiscal da Fiscalía Superior da comunidade autónoma polo período que reste do seu mandato, computado conforme o disposto no número tres do artigo corenta e un e nesta disposición transitoria, sen prexuízo, igualmente, da súa ulterior renovación.

Para tal fin, unha vez fixados os cadros de persoal das fiscalías superiores das comunidades autónomas, convocarase, dentro do prazo indicado, o correspondente concurso conforme o disposto no artigo trinta e seis, número cinco, deste estatuto orgánico. Resolto este concurso, os fiscais que, estando nese momento destinados nas fiscalías dos tribunais superiores de xustiza, non obtivesen praza nas novas fiscalías superiores, pasarán automaticamente a integrar as respectivas fiscalías provinciais.

No mesmo prazo dun ano constituiranse as fiscalías de área, para o cal o Goberno, logo de informe do fiscal xeral do Estado, oído o Consello Fiscal e os fiscais xefes dos territorios afectados, adoptará as disposicións necesarias, en particular para a provisión das prazas de fiscal xefe daquelas. As adscricións permanentes que non se constitúan como fiscalías de área a través do procedemento previsto nesta disposición, quedarán automaticamente convertidas en seccións territoriais das fiscalías provinciais, nos termos previstos no parágrafo segundo do número catro e o número cinco do artigo dezaioito desta lei.

No momento da entrada en vigor desta lei finalizará o mandato dos tenentes fiscais comprendidos no artigo corenta e un, número tres, que leven desempeñando o cargo máis de cinco anos. As prazas resultantes serán ofrecidas para a súa cobertura nos termos previstos nesta lei e poderán concorrer a elas os afectados por esta disposición, os cales, en todo caso, continuarán a exercer as súas funcións en canto non se produzan os novos nomeamentos. Os nomeados con anterioridade á entrada en vigor desta lei que non desempeñasen o seu cargo por máis de cinco anos finalizarán o mandato no momento en que se cumpra o devandito prazo, computado desde a data do seu nomeamento.»

Corenta e un. Modifícase a disposición transitoria novena, que queda redactada do seguinte xeito:

«Disposición transitoria novena.

Quen desempeñe as funcións de fiscal xeral do Estado no momento da entrada en vigor desta lei continuará no exercicio do seu cargo ata que se produza o seu cesamento, que só terá lugar cando conorra algún dos supostos previstos nas alíneas a), b), c), d) e e) do artigo trinta e un, número un, do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal.

Os que desempeñasen o cargo de fiscal xeral do Estado con anterioridade á entrada en vigor desta lei non quedarán por iso excluídos da posibilidade de seren propostos polo Goberno conforme o artigo vinte e nove do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal.»

Disposición derogatoria primeira.

Quedan derogadas as disposicións transitorias primeira á sexta da Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se regula o Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal.

Disposición derogatoria segunda.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior categoría se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 9 de outubro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

## MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

**17840** *REAL DECRETO 1269/2007, do 21 de setembro, polo que se regula a concesión directa de subvencións ás comunidades autónomas para a implantación dos rexistros de profesionais sanitarios. («BOE» 244, do 11-10-2007.)*

A Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, establece, entre os obxectivos do Sistema de Información Sanitaria do Sistema Nacional de Saúde, o de responder ás necesidades das autoridades sanitarias, favorecendo o desenvolvemento de políticas e a toma de decisións mediante unha información actualizada e comparativa da situación e evolución do Sistema Nacional de Saúde.

A Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, establece a necesidade de que tanto os colexios profesionais, consellos autonómicos e consellos xerais, como os centros sanitarios e entidades de seguros que operan no ramo da enfermidade, contén con rexistros de profesionais sanitarios, accesibles aos cidadáns e á disposición das administracións públicas, segundo os criterios xerais e requisitos mínimos que establecesen as administracións sanitarias no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.

Así mesmo, a Lei 55/2003, do 16 de decembro, do estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, prevé a existencia de rexistros de persoal nos servizos de saúde como instrumento básico de planificación dos recursos humanos do Sistema Nacional de Saúde e sinala que o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde fixará os principios e criterios para o tratamento

dos datos que inclúan, que se incorporarán ao Sistema de Información Sanitaria do Sistema Nacional de Saúde.

Segundo o anterior, o 14 de marzo de 2007 aprobouse no Pleno do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde un acordo sobre os rexistros de profesionais sanitarios, publicado pola Resolución do 27 de marzo de 2007, da Dirección Xeral de Recursos Humanos e Servizos Económico-Orzamentarios do Ministerio de Sanidade e Consumo.

No dito acordo establecéronse, entre outros, os principios xerais baixo os cales se establecerían os criterios e requisitos mínimos dos rexistros autonómicos de profesionais sanitarios, así como o conxunto mínimo de datos que os rexistros autonómicos deberán conter e incorporar ao Sistema de Información Sanitaria do Sistema Nacional de Saúde.

Este acordo dá cumprimento, ademais, ás estratexias quinta e décimo segunda do Plan de Calidade para o Sistema Nacional de Saúde, ao permitir implementar o rexistro de profesionais sanitarios que debe posibilitar a información mediante a distribución de licenciados e graduados en exercicio por especialidades, tanto en centros públicos como privados.

Prevese que este rexistro se incorpore ao Sistema de Información Sanitaria e se converta nunha ferramenta básica para a análise e a planificación dos recursos humanos do Sistema Nacional de Saúde.

Coa concesión das subvencións reguladas por este real decreto para a implantación dos rexistros de profesionais e a incorporación dos seus datos ao rexistro estatal, preténdese darlles cumprimento a estes obxectivos.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Sanidade e Consumo, tras o informe do ministro de Economía e Facenda e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de setembro de 2007,

## DISPÓN O :

### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regular a concesión directa de subvencións para financiar a implantación, en cada comunidade autónoma, dun rexistro de profesionais sanitarios cuxos datos se integren no Sistema de Información do Sistema Nacional de Saúde nos termos establecidos polo Acordo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde sobre os rexistros de profesionais sanitarios, publicado por Resolución do 27 de marzo de 2007, da Dirección Xeral de Recursos Humanos e Servizos Económico-Orzamentarios do Ministerio de Sanidade e Consumo.

### Artigo 2. *Procedemento de concesión.*

1. As subvencións reguladas por este real decreto teñen carácter singular en virtude do disposto polos artigos 22.2.c) e 28.2 e 3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en atención ao interese especial que supón para a seguranza xurídica do paciente e para a planificación no Sistema Nacional de Saúde a implantación de rexistros autonómicos de profesionais sanitarios, e pola imposibilidade da súa convocatoria pública, por seren todas as comunidades autónomas as únicas beneficiarias posibles.

2. A concesión realizarase de forma directa por resolución da Subsecretaría de Sanidade e Consumo á vista da proposta elevada pola Dirección Xeral de Recursos Humanos e Servizos Económico-Orzamentarios.

### Artigo 3. *Réxime xurídico.*

As subvencións reguladas neste real decreto rexeiranse, ademais de polo establecido por esta norma, polo previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e polo Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, salvo no que afecte os principios de publicidade e concorrência, así como polo establecido nas demais normas de dereito administrativo que resulten de aplicación.

### Artigo 4. *Beneficiarios.*

Serán beneficiarias das subvencións reguladas neste real decreto as comunidades autónomas.

### Artigo 5. *Obrigas dos beneficiarios.*

Os beneficiarios estarán suxeitos ás obrigas previstas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e, en especial, ás seguintes:

- a) Levar a cabo a actividade para a cal se concedeu a subvención. Entenderase cumprido o obxecto da subvención cando a comunidade autónoma acredite o destino dos fondos percibidos ás actividades previstas no anexo II deste real decreto.
- b) Presentar a xustificación correspondente nos termos previstos no artigo 8 deste real decreto.

### Artigo 6. *Financiamento.*

As subvencións obxecto deste real decreto serán financiadas con cargo ao orzamento do Ministerio de Sanidade e Consumo do ano 2007, para estes efectos tramitaranse as oportunas modificacións orzamentarias, e a súa dotación ascenderá a 2.000.000 de euros.

### Artigo 7. *Contía das subvencións.*

A contía das subvencións distribuirase en función dos últimos datos de poboación do padrón municipal publicados polo Real decreto 1627/2006, do 29 de decembro, polo que se decláran oficiais as cifras de poboación resultantes da revisión do padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2006, segundo se detalla no anexo I deste real decreto.

### Artigo 8. *Pagamento das subvencións e réxime de xustificación.*

1. O aboamento dos fondos por parte do Ministerio de Sanidade e Consumo realizarase por anticipado, dunha soa vez, no momento da concesión.

2. Os beneficiarios deberán xustificar os investimentos realizados mediante a presentación de conta xustificativa, que se axustará ao disposto no artigo 72 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na cal se admitirá a presentación de fotocopia compulsada de facturas e outros documentos de valor probatorio. O prazo final para a presentación da certificación será o 15 de decembro de 2007.

3. Os beneficiarios poderán proceder á devolución voluntaria das cantidades percibidas, tal e como establece o artigo 90 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, mediante o seu ingreso no Tesouro Público, presentando escrito do órgano concedente que identifique o expediente de gasto correspondente, o número de operación

contable con que se procedeu ao pagamento, así como o ano e a súa aplicación orzamentaria; deberase remitir posteriormente ao Ministerio de Sanidade e Consumo (Subdirección Xeral de Administración Financeira, da Dirección Xeral de Recursos Humanos e Servizos Económico-Orzamentarios, Paseo do Prado, 18-20, 28014, Madrid) o xustificante acreditativo do ingreso. Cando se produza a devolución voluntaria, a Administración calculará os xuros de demora de acordo co previsto no artigo 38 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e ata o momento en que se produciu a devolución efectiva por parte do beneficiario.

#### Artigo 9. Reintegro.

Exixirase o reintegro da subvención, co xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención, nos casos e nos termos previstos nos arti-

gos 36 a 43 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

#### Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.<sup>a</sup> da Constitución.

#### Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de setembro de 2007.

JUAN CARLOS R.

El ministro de Sanidade e Consumo,  
BERNAT SORIA ESCOMS

### ANEXO I

#### Distribución da contía das subvencións

Comunidade autónoma	Poboación	% Sobre o total	Contía máxima da subvención - Euros
Andalucía .....	7.975.672	17,896	357.924,45
Aragón .....	1.277.471	2,866	57.329,10
Asturias (Principado de) .....	1.076.896	2,416	48.327,89
Baleares (Illes) .....	1.001.062	2,246	44.924,69
Canarias .....	1.995.833	4,478	89.567,05
Cantabria .....	568.091	1,275	25.494,24
Castilla y León .....	2.523.020	5,661	113.225,64
Castilla-La Mancha .....	1.932.261	4,336	86.714,13
Cataluña .....	7.134.697	16,009	320.183,99
Comunidade Valenciana .....	4.806.908	10,786	215.719,74
Extremadura .....	1.086.373	2,438	48.753,19
Galicia .....	2.767.524	6,210	124.198,25
Madrid (Comunidade de) .....	6.008.183	13,481	269.629,39
Murcia (Rexión de) .....	1.370.306	3,075	61.495,26
Navarra (Comunidade Foral de) .....	601.874	1,351	27.010,32
País Vasco .....	2.133.684	4,788	95.753,39
Rioja (La) .....	306.377	0,687	13.749,29
<b>Total .....</b>	<b>44.566.232</b>	<b>100,000</b>	<b>2.000.000,00</b>

### ANEXO II

#### Actividades obxecto da subvención

As actividades a que as comunidades autónomas deberán destinar os fondos percibidos para a concesión da subvención serán as seguintes:

- Creación do seu rexistro autonómico.
- Sincronización do rexistro autonómico co Sistema de Información Sanitaria do Sistema Nacional de Saúde.
- Identificación do número de entidades cuxos rexistros haxa que integrar no rexistro autonómico.
- Integración dos rexistros identificados no rexistro autonómico.
- Determinación do número de profesionais que se van incorporar ao rexistro autonómico.
- Incorporación dos datos dos profesionais identificados ao rexistro autonómico.
- Envío dos rexistros (líñas) existentes no rexistro autonómico ao Sistema de Información Sanitaria do Sistema Nacional de Saúde.

## MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**18140** *ORDE EHA/3011/2007, do 4 de outubro, pola que se modifica a Orde ECO/805/2003, do 27 de marzo, sobre normas de valoración de bens inmobles e de determinados dereitos para certas finalidades financeiras.* («BOE» 249, do 17-10-2007.)

**Artigo único.** *Modificación da Orde ECO/805/2003, do 27 de marzo, sobre normas de valoración de bens inmobles e de determinados dereitos para certas finalidades financeiras.*

A Orde ECO/805/2003, do 27 de marzo, sobre normas de valoración de bens inmobles e de determinados dereitos para certas finalidades financeiras queda modificada como segue: